

ANUNCIO

REVISIÓN DE OFICIO DO DECRETO 933/2024, DE 26 DE MARZO

Pola Alcaldía deste Concello, con data 31/05/2024, ditouse o decreto con número 1718/2024 que copiado é do teor seguinte:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: Revisión de oficio do Decreto 933/2024, de 26 de marzo

Expd: 9829/2024

Antecedentes de feito

Antecedentes:

1.- O 26/03/2024, mediante o Decreto 933/2024, resolvíase a aprobación das prazas de renovación e prescrición dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025.

No resolvo terceiro de dito Decreto aprobábase o numero de prazas vacantes de preinscricións e emerxencia social dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025

2.- O 23/05/2024, a técnica de educación, emite o seguinte informe proposta:

INFORME- PROPOSTA

Asunto: Revisión de oficio do Decreto 933/2024, de 26 de marzo

Expd: 9829/2024

Antecedentes de feito

1.- O 26/03/2024, mediante o Decreto 933/2024, resolvíase a aprobación das prazas de renovación e prescrición dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025.

Quitar este Decreto con esta antelación tivo unha serie de inconvenientes que se pasan a detallar:

a) *No prazo de preinscrición/renovación non sabíamos o número de solicitudes que íamos ter por centro, nin de renovación nin de prescrición. So podíamos facer unha estimación en base aos datos dos que dispoñíamos nese momento.*

b) *Ata finais de abril non se coñeceron as solicitudes de novas matriculas aceptadas nos centros educativos, polo que podemos ter solicitudes de prescrición en centros nos que o alumnado solicitante ao final non obteña praza.*

c) *Ata principios de xuño non podemos saber as prazas que sendo de renovación non foron renovadas, e por conseguinte, pasarían a poder ofertarse como prazas de nova inscrición. A data de finalización do prazo de renovación sabemos que entraron un total de 1241 rexistros, cada un deles pode conter mais dunha solicitude, sobre todo os que se fan de xeito telemático que inclúen no mesmo rexistro a solicitude de varios irmás/irmáns, e cada solicitude pode ser para un, dous ou tres dos servizos ofertados (comedor, bos días e tardes divertidas).*

d) *A proposta de prazas de nova inscrición que se fixo para Ventín fíxose pensando en poder utilizar o espazo correspondente ao piso superior do edificio do comedor. Tratábase de eliminar os tabiques e un baño de xeito que se conseguía un espazo diáfano que podería dar cabida ao menos a 60 usuarios/as por quenda, é dicir 120 usuarios/as a maiores das 360 prazas que tiñamos entres as dúas quendas no espazo de comedor.*

Esta opción implicaba recuperar o espazo destinado ao despacho do orientador para o comedor, opción á que se opuxo toda a comunidade educativa de Ventín. Este feito, obríganos a dispoñer só das 360 prazas do comedor, mais o espazo dunha aula que se estivo utilizando no curso anterior e que ten cabida para 40 usuarios/as por quenda, é dicir 80 prazas mais, que sumadas ás 360 fan un total de 440 prazas dispoñibles neste comedor.

e) Na proposta de prazas de nova inscrición, inclúanse as prazas de emerxencia social. A realidade demostrounos que estas prazas non ten senso identificalas no período de prescrición e renovación. O seu obxecto é que permitan atender as necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso, unha vez xa empezado e con todos os/as usuarios/as xa matriculados, de tal xeito que, sobre todo naqueles centros nos que o espazo é xusto, se reserven sobre 4 ou 5 prazas de emerxencia por quenda para atender as necesidades que, previo informe acreditativo dos servizos sociais municipais, xurdan ao longo do curso.

2.- *Visto o que antecede, é necesario realizar unha revisión de oficio do Decreto 933/2024, de 26 de marzo, concretamente no que se refire ao resolvo terceiro do Decreto no que se aproban o numero de prazas vacantes de preinscricións e emerxencia social dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025, propoñendo a súa revogación ao tratarse dun acto de gravame ou desfavorable e conservando o resto do contido do Decreto ao non verse este afectado pola revogación do seu resolvo terceiro.*

A revogación do resolvo terceiro esta motivada porque a súa aplicación suporía non poder atender nalgúns centros parte das solicitudes presentadas cando si hai espazo suficiente para ilo e noutros, como no caso de Ventín, suporía que se poidan outorgar prazas cando non existe o espazo físico necesario para facelo.

Lexislación aplicable

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Fundamentos de Dereito

1.- *O artigo 109.1 da LPAC indica que as Administracións Públicas poderán revocar, mentres non transcorra o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público e ao ordenamento xurídico.*

En virtude deste procedemento a Administración pode retirar do mundo xurídico os actos de gravame ou desfavorables sempre que non se trate de actos declarativos de dereitos, xa que neste último caso, para deixalos sen efecto, a Administración debe acudir á declaración de nulidade de pleno dereito ou, no seu caso, á lesividade (STS de 23/03/2023).

No caso que nos ocupa, o resolvo terceiro do Decreto 933/2024, polo que se aproban as prazas de prescrición e emerxencia social dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025, non é un acto declarativo de dereitos senón que constitúe, para os novos usuarios/as dos servizos complementarios do curso 2024/2025, unha mera expectativa de poder obter unha praza nos servizos.

Non obstante, e á vista de todas as variables que se indican no antecedente primeiro deste informe, e que non se tiveron en conta porque, polos motivos expostos, era imposible poder facelo no momento no que ditou o Decreto xa que non se coñecían, derivan en que o contido deste resolvo terceiro poida influír de xeito negativo no interese xeral, ao non corresponderse o reparto realizado de prazas por centro que figura no Decreto para as novas inscricións ca realidade das solicitudes presentadas e cos espazos que a data de hoxe sabemos que están realmente dispoñibles.

Por conseguinte, en virtude do artigo 109.1 da LPAC proponse ao órgano competente, a revogación do resolvo terceiro do Decreto 933/2024.

2.- O artigo 51 da LPAC indica que o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se houberan mantido igual de non haberse cometido a infracción.

No caso que nos ocupa, salvando o resolvo terceiro do Decreto 933/2024, o resto do seu contido é correcto e obedece a datos obxectivos que si eran coñecidos no momento de ditalo, polo que se propón ao órgano competente, a súa conservación.

Á vista do que antecede, emítese o seguinte **informe-proposta**:

1.- *Propoñer, polos motivos expostos neste informe proposta, a revogación do resolvo terceiro do Decreto 933/2024 polo que se aproban as prazas de prescrición e emerxencia social dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025.*

2.- *Propoñer, polos motivos expostos neste informe proposta, a conservación do resto do contido do Decreto 933/2024 e que non se ve afectado pola revogación do seu resolvo terceiro.*

A vista de todo o anterior, tendo en conta os motivos expostos no informe proposta da técnica de educación que figura no antecedente segundo desta resolución e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1.- Revogar o resolvo terceiro do Decreto 933/2024 polo que se aproban as prazas de prescrición e emerxencia social dos servizos complementarios de educación para o curso 2024/2025.

2.- Conservar o resto do contido do Decreto 933/2024 e que non se ve afectado pola revogación do seu resolvo terceiro.

3.- Publicar este Decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina www.conciliames.gal.”

O alcalde

José Blas García Piñeiro